

Fundación Menela selecciona para o Centro Castro Navás: 1 Coidador/a

Lugar de Traballo

Centro de Día e Residencial Castro Navás (Rúa Navás, 11 Priegue - Nigrán)

Grupo Profesional

Coidador/a

Perfil do Posto de Traballo

Posto: 1 Coidador/a

Contrato Temporal

Xornada: Parcial, 16 horas semanais. Sábados e Domingos de 8h a 16h.

Salario: segundo convenio da actividade

Formación:

Ciclo Medio en Atención Sociosanitaria. Auxiliar de Clínica ou Auxiliar de Enfermería

Certificado de Profesionalidade Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais.

Requisitos formativos complementarios/experiencia a valorar:

- Formación en TEA e/ou discapacidade.
- Experiencia demostrable no traballo con persoas con TEA e/ou discapacidade.

Funcións:

Actuando baixo a dependencia do Director/a de centro ten, entre outras, as seguintes funcións:

Colaborar có equipo interdisciplinar na avaliación, planificación e desenvolvemento do Plan de Atención Individualizado das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo.

- Colaborar có equipo interdisciplinar do Centro Castro Navás participando na:

1. Avaliación da conduta adaptativa, mediante o ICAP e observación directa.
2. Elaboración e seguimento do Plan de Atención Individualizado.
3. Elaboración, seguimento e avaliación dos plans/accións específicas de intervención.
4. Informando e comunicando incidencias, coa frecuencia precisa, vinculadas a comportamentos, actitudes, habilidades da vida diaria e saúde.

- Rexistrar, diariamente, as actividades realizadas e as incidencias acaecidas.
- Participar nas reunións coas familias, a petición do equipo interdisciplinar.
- Participar nas reunións do equipo do centro.

Apoio para favorecer o desenvolvemento das habilidades adaptativas, có obxectivo de mellorar a autonomía persoal e a calidade de vida das persoas adultas con Trastorno do Espectro do Autismo.

- Proporcionar os apoios necesarios na realización de actividades de autonomía e coidado persoal (saúde e seguridade, aseo persoal, comida, vestido/espido e control de esfínteres).
- Proporcionar os apoios necesarios no desenvolvemento de habilidades sociais.
- Proporcionar os apoios necesarios no desenvolvemento da comunicación.
- Proporcionar os apoios necesarios para favorecer a autodeterminación da persoa con TEA.
- Proporcionar os apoios necesarios no desenvolvemento de habilidades domésticas.
- Acompañar e apoiar as persoas con TEA en actividades de proxección social e ocio inclusivo que se realizan na contorna comunitaria.
- Apoiar o desenvolvemento das actividades que se realizan nos diferentes obradoiros do Centro.

Outras

- Cumprir os requisitos especificados na Norma UNE-EN-ISO 9001 e UNE 158101.
- Preservar a confidencialidade dos datos de carácter persoal.
- Mantemento das pertenzas das persoas usuarias e coidado da súa contorna

Competencias Requeridas:

- Traballo en Equipo
- Identificación e Comprensión da Organización
- Comunicación
- Flexibilidade
- Responsabilidade
- Orientación ao Servizo e á persoa con TEA e a súa familia
- Ética Profesional
- Responsabilidade Ambiental
- Respecto as normas de organización e funcionamento do centro.

Sistema de Selección

Análise de CV e documento de presentación da candidatura.

Entrevistas presenciais de selección de persoal

Presentación de candidatura

Enviar Candidatura e CV ao seguinte correo: castronavas@menela.org

Asunto: Candidatura Coidador

Prazos:

Oferta aberta ata o 15 de marzo de 2024